



RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E PATRIMONIO POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DE PERSOAL AUXILIAR E ASESOR DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, DE TRES PRAZAS DE POLICÍA LOCAL INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2017

Consonte á base 8ª das bases xerais que rexen a convocatoria do proceso selectivo convocado para a provisión, mediante oposición libre, de tres prazas de policía local (quenda libre), incluídas na oferta de emprego público do ano 2017, publicadas no BOP núm. 144 do 27 de xullo de 2018, o tribunal cualificador, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

Dado o grande número de admitidos no proceso selectivo e para un mellor desenvolvemento na realización do primeiro exercicio, tipo test, o tribunal acordou a incorporación de persoal auxiliar para a colaboración no desenvolvemento deste exercicio.

Á vista do anterior esta concellería de goberno, no exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE

Primeiro.- Designar en calidade de membro persoal auxiliar para o primeiro exercicio, tipo test, ao persoal seguinte:

- Dona Marta Collazo López, subalterno no Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais
- Dona Celia Córdoba Díaz, subalterno no Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais.

Segundo.- Designar en calidade de asesores das tarefas informáticas de corrección do primeiro exercicio, tipo test, ao persoal seguinte:

- Don José Ramón Rodríguez Tourón, xefe do Servizo de Informática.
- Don Santiago Pérez Agra, técnico medio informático do Servizo de Informática.

Terceiro.- Designar en calidade de membro asesor do tribunal para o segundo exercicio, sobre coñecemento de idioma galego, a dona Concepción Cochón Rodríguez, asesora lingüística do Concello de Pontevedra.

Cuarto.- Designar en calidade de membro asesor do tribunal para o terceiro exercicio, sobre aptitude física, a don David Ferrer Fernández, graduado en INEF, asignado pola Federación Galega de Atletismo.

Quinto.- Designar en calidade de membro asesor do tribunal para o cuarto exercicio, sobre probas psicotécnicas, a Delmiro Barreiros de la Torre, profesor asociado da área de psicoloxía social da Universidade de Vigo.

Sexto.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Así o ordena e dispón o concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da administración municipal, dou fe.

